



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó *Proxecto de orde pola que se desenvolve a disposición transitoria segunda do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, e se aproba o modelo normalizado de solicitude (código de procedemento AP522U)*

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 60/2019, do 23 de maio, incorpora a disposición transitoria segunda que contén unha habilitación para elaborar unha lista única como resultado da funcionarización.

Esta disposición transitoria segunda prevé que, unha vez rematadas as primeiras probas selectivas de acceso ao corpo, escala, especialidade, grupo, subgrupo ou agrupación profesional de persoal funcionario para incorporar o persoal laboral funcionarizado ou para dar cobertura ás prazas funcionarizadas orixinariamente clasificadas como laborais, establecerase, se é o caso, unha única lista de chamamentos na cal se valorarán por igual os servizos prestados en virtude de relación xurídica funcional e laboral na categoría funcionarizada. Non obstante o anterior, no caso de ser necesario, a Comisión Permanente elaborará unha única lista con anterioridade á finalización dos procesos de funcionarización.

Neste intre e dado que están a piques de rematar os primeiros procesos para a adquisición da condición de persoal funcionario polo persoal laboral fixo do Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, faise preciso desenvolver a disposición transitoria segunda do Decreto 37/2006, regulando un procedemento axeitado para a elaboración das listas únicas. A elaboración destas listas comezará coas correspondentes aos grupos, corpos, escalas e especialidades afectadas polos procesos de funcionarización convocados polas Resolucións da Dirección Xeral da Función Pública do 7 de febreiro de 2020.





A presente orde adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda e Administración Pública, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade coa disposición derradeira segunda do Decreto 60/2019, do 23 de maio. Por razón da materia, a Dirección Xeral da Función Pública foi a competente para a elaboración da norma.

A orde contén dez artigos, dúas disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e unha disposición derradeira, sobre a entrada en vigor, o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Esta regulación é adecuada para acadar a súa finalidade e resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cúmplense os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta canle.
- 3.- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- 4.- Informe tecnolóxico funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Amtega.
- 5.- Informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- 6.- Informe da Asesoría Xurídica.

Asemade, o texto foi visto na Mesa Xeral de Empregados Públicos e conta co informe da Comisión de Persoal.





En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro

